

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 27 de setembro de 2021, da Área de Planificación, Innovación e Seguridade Viaria, polo que se fai pública a Resolución do 23 de setembro de 2021 pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente os mapas estratéxicos de ruído dos grandes eixos viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia nas provincias de Lugo e Ourense (GA/19/001.09.1).

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Orde do 7 de setembro de 2017, *Diario Oficial de Galicia* do 20 de setembro), vistos os informes das administracións afectadas e as alegacións formuladas no trámite de información pública, ditou o 23 de setembro de 2021 a seguinte resolución:

«Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente os mapas estratéxicos de ruído dos grandes eixos viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia nas provincias de Lugo e Ourense, de clave GA/19/001.09.1.

Antecedentes de feito:

Primeiro. Mediante resolución da Axencia Galega de Infraestruturas do 7 de outubro de 2020 aprobáronse provisionalmente os mapas estratéxicos de ruído dos grandes eixos viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia nas provincias de Lugo e Ourense, de clave GA/19/001.09.1.

Segundo. Con data do 26 de outubro de 2020 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (núm. 215) o anuncio do 8 de outubro de 2020 polo que se sometían ao trámite de información pública os mapas estratéxicos de ruído dos grandes eixos viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia nas provincias de Lugo e Ourense (GA/19/001.09).

Terceiro. Durante todo o trámite de información pública non se presentaron alegacións, conforme os certificados emitidos polos organismos oficiais competentes.



Cuarto. Durante o trámite de información pública detectáronse erros nos mapas das UME: LU-862, OU-536 e OU-540 e nos resultados de afección das UME: LU-664, LU-862 e LU-933.

Quinto. Durante o trámite de información pública a titularidade do treito da estrada LU-530 comprendida entre o p.q. 0+000 e o p.q. 0+850 foi transferida ao concello de Lugo.

Fundamentos de dereito:

De acordo co establecido na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído e no Real decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente á avaliación e á xestión do ruído ambiental, os mencionados mapas sometéronse ao trámite de información pública durante un período dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

De acordo con todo o exposto e despois dos certificados presentados,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública e definitivamente os mapas estratéxicos de ruído dos grandes eixos viarios da Rede autonómica de estradas de Galicia nas provincias de Lugo e Ourense que se relacionan a seguir, coas seguintes modificacións:

1. Corrección dos erros detectados nos mapas das UME: LU-862, OU-536 e OU-540 e nos resultados de afección das UME: LU-664, LU-862 e LU-933.

2. Eliminación dos mapas da UME LU-530 do treito comprendido entre o p.q. 0+000 e 0+850, cuxa titularidade foi transferida ao concello de Lugo.

Provincia de Lugo

Estrada	Treito	PQ inic.	PQ fin	Lonx. (km)	Concellos
LU-021	A Campiña (N-640)-DP-2927	0	1,45	1,45	Lugo
LU-530	Lugo-Enl. A-6	0,85	3,37	2,52	Lugo
LU-539	Viveiro (LU-862)-Viveiro (LU-540)	0	0,99	0,99	Viveiro
LU-662	Monforte de Lemos (LU-546)-Monforte de Lemos (LU-933)	0	1,21	1,21	Monforte de Lemos



Estrada	Treito	PQ inic.	PQ fin	Lonx. (km)	Concellos
LU-664	Monforte (LU-546)-Monforte (LU-617)	0	1,54	1,54	Monforte de Lemos
LU-862	Cobas (LU-P-6603)-Porto de Celeiro	82,98	86,92	3,94	Viveiro
LU-933	Monforte-Monforte	0	1,04	1,04	Monforte de Lemos

Provincia de Ourense

Estrada	Treito	PQ inic.	PQ fin	Lonx. (km)	Concellos
AG-53	Enl. AG-54-Enl. Barbantes (A-52)	78,74	87,24	8,5	Maside, Amoeiro, Punxín, Ourense, Toén
OU-100	Ourense (Avda. Zamora)-Estación de San Francisco	0	0,52	0,52	Ourense
OU-525	Noalla (OU-538)-Ourense Sur Saída 224 (A-52)	228,95	233,08	4,13	San Cibrao das Viñas, Ourense
OU-536	Ourense (Regueiro)-OU-537	1	6,02	5,02	Ourense, O Pereiro de Aguiar
OU-538	Noalla (N-525)-Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas	0	1,07	1,07	San Cibrao das Viñas
OU-540	Ourense-Enl. Carrefour	0	1,83	1,83	Ourense, Barbadás

Segundo. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ou ben recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución no DOG, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común da administracións públicas».

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2021

Héctor Presas Veiga
Xefe da Área de Planificación, Innovación e Seguridade Viaria

